

Macromagnitudes das Administracións Públicas

COMUNICADO

INCREMENTO DO 9,0% NOS ORZAMENTOS DA XUNTA NO ANO 2006 CON RESPECTO AO 2005

Os ingresos e gastos previstos no ano 2006 son moi similares aos efectivamente liquidados no ano 2005

As liquidacións orzamentarias da Xunta de Galicia no ano 2005 ascenderon a 9.621,8 millóns de euros, tanto no apartado de ingresos como no de gastos, o que supón un incremento con respecto ao ano 2004 do 10,4% dos ingresos e do 12,8% dos gastos. Nos ingresos, a maior partida corresponde ás transferencias correntes, que cun valor de 4.262,9 millóns de euros, representa o 46% do ingreso total. Nos gastos destacan tamén as transferencias correntes que corresponden á metade do gasto total liquidado no ano 2005.

En canto aos orzamentos para o ano 2006, ascenden a 9.620,7 millóns de euros, un 9,0% superiores aos correspondentes ao ano 2005. Os ingresos correntes constitúen o 86,1% do total de ingresos previstos para o ano 2006. No apartado dos gastos previstos, a maior parte está destinada a transferencias correntes, en concreto un 48,7% da cantidade total presupostada, seguida dos gastos de persoal, cun 17,5% do total.

O 90,1% do volume de ingresos e gastos dos organismos autónomos galegos corresponde ao Sergas

A suma dos orzamentos do conxunto dos organismos autónomos de Galicia, tanto os de carácter administrativo como os de carácter industrial, comercial ou financeiro para o ano 2006 ascende a 3.399,7 millóns de euros, un 9,0% superior á do ano 2005. O Servizo Galego de Saúde (Sergas) é o que, cun orzamento de 3.064,3 millóns de euros, representa a maior parte dos ingresos e gastos deste total.

As universidades galegas prevén para o ano 2006 unhas cifras de 448 millóns de euros

Das tres universidades galegas, a de Santiago cifra as súas previsións de gastos e ingresos para o ano 2006 en 198,2 millóns de euros, un 4,3% superiores ás do ano 2005, mentres que a de Vigo o fai en 144,4 millóns de euros (17,2% superiores ás do ano anterior) e a da Coruña en 105,4 millóns de euros (superiores nun 14,5% ás do ano 2005).

A Administración do Estado en Galicia incrementou en 2004 os seus gastos de funcionamento

A última información dispoñible sobre a Administración do Estado en Galicia está constituída polos chamados “gastos de funcionamento” dos servizos, constituídos polos gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos (capítulos I e II de gastos) no ano 2004, que ascenderon a 440,6 millóns de euros, un -2,1% inferiores aos do ano 2003.

Incremento dos ingresos e gastos presupostados pola Administración Local en Galicia

No exercicio do ano 2004, o volume de ingresos e gastos previstos polos concellos e deputacións provinciais ascendeu a 2.154,8 millóns de euros, o que supón un incremento do 9,1% con respecto ao ano 2003. Do total presupostado, 1.712,3 millóns de euros corresponden aos concellos e 442,5 millóns de euros ás deputacións.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>